

# PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

VERSIÓN 20/05/2022

INTRODUCCIÓN.....	3
1. Obxecto.....	3
MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS.....	3
2. Principios sanitarios básicos.....	3
3. Medidas xerais de protección individual e colectiva.....	6
4. Limitación de contactos.....	8
5. Medidas xerais de limpeza nos centros.....	10
6. Xestión de casos.....	12
7. Comedor escolar.....	12
8. Actividades extraescolares, complementarias e aulas matinais .....	13
9. Subministración de material de protección.....	14
MEDIDAS QUE AFECTAN ÁS CONDICIÓN LABORAIS.....	15
10. Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade.....	15
11. Organización e documentos do centro.....	15
12. Medidas relativas ás familias e ANPAS.....	15
13. Medidas xerais en relación co alumnado transportado.....	16
14. Utilización de cartalaría no centro.....	16
MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO.....	16
15. Educación en Saúde.....	16
ANEXO I ESCENARIOS COMEDOR ESCOLAR.....	19
ANEXO II Anexo sobre ventilación en centros educativos no contexto da Covid-19 .....	20
ANEXO III Medidas de protección individual.....	22
ANEXO IV: PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIOSANITARIOS.....	32
ANEXO V CARTELARÍA.....	35

## INTRODUCCIÓN

### 1. Obxecto

1.1. O presente protocolo ten por obxecto crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse dende o inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por Covid-19. Inclúe as medidas en cumprimento do previsto na Orde Comunicada da ministra de sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022 e a súa concreción no documento [“Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a Covid-19 para centros educativos. Versión 03/05/2022”](#) aprobado na comisión de Saúde Pública o 03 do maio de 2022. O documento é de aplicación aos centros públicos de ensino non universitario e, adaptado ás súas peculiaridades, aos centros privados concertados que imparten ensinanzas non universitarias.

1.2. O conxunto de medidas incluídas no presente protocolo foron examinadas polas autoridades sanitarias autonómicas, porén son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

## MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

### 2. Principios sanitarios básicos

2.1 De conformidade co establecido coas instrucións de carácter xeral ditadas pola Xunta de Galicia deberán terse en conta as seguintes medidas preventivas

- Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas do sistema educativo.
- A suspensión xeneralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, unicamente se adoptará diante de situacións excepcionais de acordo co previsto na normativa e acordos vixentes.
- Os centros educativos manteranse abertos durante todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor, así como apoio lectivo a menores con necesidades educativas especiais ou pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base ás indicacións das autoridades sanitarias.
- Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na Covid-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou persoa na que delegue ou a substitúa, e dous membros do profesorado (nos centros de menos de seis unidades o equipo poderá constituírse cunha soa persoa). Corresponde á persoa titular da dirección do centro o nomeamento dos restantes membros. Tamén lle corresponderá á persoa directora, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración. En cada centro educativo establecerase unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa, en particular, coa periodicidade que estableza a dirección, informará ao consello escolar do centro sobre as medidas adoptadas e, de ser o caso, da evolución dos diferentes escenarios .
- O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

- Son principios básicos de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte á Covid-19 nos centros educativos:
  - As medidas de prevención persoal
  - A limitación de contactos
  - Limpeza e ventilación
  - Xestión de casos
  
- No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable, como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios -que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria- serán os que recomenden médico ou pediatra de acordo co establecido no artigo 62 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. n

Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo. Polo que respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.

### 3. Medidas xerais de protección individual e colectiva

3.1 Realizarase unha axeitada hixiene de mans: Recoméndase priorizar o uso de auga e xabón durante cando menos 40 segundos e, se isto non é posible, pódese utilizar xel hidroalcohólico durante 20 segundos. Cando as mans están visiblemente sucias o xel hidroalcohólico non é suficiente, sendo necesario o uso de auga e xabón.

Para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte das persoas responsables a aplicación do xel por parte do alumnado.

3.2 Ao tusir ou esbirrar non se retirará, de usarse, a máscara, e cubrirase a boca e o nariz co cóbado flexionado. Así mesmo evitarase tocar o nariz, os ollos e a boca porque facilita a transmisión. Deberán usarse panos refugables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso a unha papeleira con bolsa e a poder ser con tapa e pedal, facendo unha posterior hixiene de mans.

3.3 O uso de luvas só é recomendable nas tarefas de limpeza.

3.4 Está permitido compartir obxectos, tanto dentro do grupo de convivencia estable (GCE) como entre GCE ou aulas do mesmo ou diferente nivel educativo, asegurando unha axeitada hixiene de mans.

3.5 O uso da máscara rexerese pola lexislación vixente e posteriores actualizacións e recomendacións se as houber. Cando o seu uso estea indicado ou recomendado rexerese polo establecido no Anexo sobre medidas de protección individual. No caso do profesorado a máscara indicada será de tipo hixiénico, segundo o establecido no

anexo citado, excepto indicación por parte do servizo de prevención de riscos laborais.

Cando exista obriga do uso da máscara, esta non será esixible nos seguintes supostos:

- Persoas menores de 6 anos.
- Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- No caso de que, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias

3.6 O uso da máscara no transporte escolar colectivo axustarase ao previsto na lexislación vixente sobre o uso en medios de transporte.

3.7 Debe explicarse o uso correcto da máscara: cubrindo o nariz e o queixo, e quedando ben axustada á cara. Tamén se darán indicacións sobre a súa substitución e lavado. Deberá manipularse só polas tiras, poñendo especial coidado no momento de poñela e quitala. Na cartellaría do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre uso de máscaras.

3.8 Neste contexto normativo no que a máscara non resulta obrigatoria é especialmente relevante lembrar a importancia de manter o resto de medidas de protección que, ao longo da pandemia, téñense amosado eficaces. Así, a hixiene de mans, a ventilación e evitar as aglomeracións seguen a ter un alto valor protector. Con todo, débese ter en conta que nos centros educativos pode haber poboación vulnerable entre o alumnado e o persoal docente e non docente, polo que a máscara resulta nestes colectivos vulnerables particularmente recomendable. Polo tanto, e atendendo ás particularidades descritas, resulta recomendable, con carácter voluntario, o uso da máscara no interior dos centros educativos tanto por parte do alumnado coma dos/as traballadores/as do centro, de acordo ao establecido no

documento [DIRECTRICES SOBRE O USO DAS MÁSCARAS NO ÁMBITO EDUCATIVO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA](#) (25/04/2022) da Dirección Xeral de Saúde Pública.

3.9 En persoas con condicións de vulnerabilidade fronte á Covid-19 seguiranse as recomendacións que indique o seu profesional de referencia.

3.10 Debe prestarse especial coidado a evitar o posible estigma das persoas que, por condicións de risco ou por decisión persoal, sigan a utilizar as máscaras en calquera ámbito educativo e independentemente da súa obrigatoriedade.

#### **4. Limitación de contactos**

Establécense medidas específicas de limitación de contactos para a situación epidemiolóxica actual (niveis de alerta 0, 1 e 2). En caso de que a CCAA entrara nun nivel superior, poderían valorarse medidas específicas.

4.1 Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Especial: Na situación actual os grupos de convivencia estable (GCE) poden interactuar entre si tanto en exteriores como en interiores coa única excepción do comedor escolar e espazos alternativos habilitados para as comidas, nos que se manterá o GCE.

4.2 ESO, FP Básica e Bacharelato: Os grupos/aulas poden interaccionar entre si en interiores e en exteriores, excepto no ámbito do comedor escolar e espazos alternativos habilitados para as comidas.

4.3 Ensinanzas Oficiais de Idiomas, FP de Grao Medio e Superior, E. Artísticas e Deportivas, outras ensinanzas de Rex. Especial: Observaranse as medidas equivalentes ao Bacharelato e, cando sexa de aplicación, adoptaranse as medidas que correspondan ao ámbito profesional de referencia.

4.4 O tamaño máximo das clases será acorde aos rateos establecidos na normativa aplicable.



4.5 En Educación Especial ou en aulas específicas en centros ordinarios o alumnado organizarase en GCE. De cara ao establecemento de medidas non se considera un contorno vulnerable ante a Covid-19 de forma xeral, polo que se seguiran as recomendacións xerais sobre limitación de contactos.

Non obstante, nos Centros de Educación Especial que dispoñen de servizo de residencia é recomendable seguir as indicacións previstas para os centros sociosanitarios, por tratarse de entornas de elevado risco epidemiolóxico por varios motivos. Por un lado, trátanse de ambientes pechados nos que, o propio nivel de dependencia das persoas residentes (dificultade para a alimentación, de mobilidade, etc), favorece o establecemento de contactos próximos e prolongados cos coidadores, o que aumenta o risco de transmisión e de contaxio. Outro factor que pode contribuír ao aumento do risco de transmisión é o feito de que con frecuencia, os residentes presentan algún grado de discapacidade ou deterioro cognitivo que pode dificultar o mantemento das medidas de prevención, como son a hixiene de mans e respiratoria ou o uso adecuado da máscara. Tendo en conta todo o anterior recoméndase con carácter voluntario, o uso da máscara nos seguintes casos:

- Persoas traballadoras.
- Visitas cando estean en zonas compartidas. Dado que a institución constitúe o domicilio das persoas que alí residen, considérase que o uso permanente da máscara afecta o benestar destas persoas polo que esta recomendación non afectaría as persoas residentes no centro.

4.6 Permítese o acceso de familias tanto aos espazos interiores como ao espazos ao aire libre dos centros educativos e tanto para a entrada e saída do alumnado do centro como para outras actividades, evitando aglomeracións.

Tamén se permiten reunións de titoría individual coas familias en espazos interiores ben ventilados (ou ben ao aire libre), cumprindo sempre coas medidas de protección e hixiene que estean vixentes en cada momento.

4.7 No caso do transporte escolar colectivo será de aplicación a normativa vixente con respecto a medidas preventivas fronte a Covid-19 en medios de transporte. En todo caso recoméndase a priorización do transporte activo (camiñando ou en bicicleta, por exemplo) en roteiros seguros e camiños escolares, por ser unha opción máis saudable que evita compartir espazos pechados.

4.8 Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse, sempre que sexa posible, ao aire libre e de acordo ás mesmas condicións que os seus homólogos comunitarios.

## **5. Medidas xerais de limpeza nos centros**

5.1. Cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características e que recollerá a limpeza dos espazos cando menos unha vez ao día. O protocolo de limpeza formará parte do documento denominado “Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022” e determinará as frecuencias e horas nas que se realizarán todas as tarefas. O protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica polo que será de aplicación non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación de conformidade coa normativa vixente.

5.2 Intensificarase a limpeza, en especial en baños, espazos de comedor e nas superficies de maior uso. Nos talleres, laboratorios e outros espazos singulares utilizados para prácticas da FP, atenderase á normativa específica do sector produtivo ou de prestación de servizos de que se trate.

5.3 Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recen preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

5.4 Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

5.5 Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

5.6 Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións de acordo co previsto no Anexo sobre ventilación: por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, 15 minutos ao remate de cada xornada (mañá e tarde), durante a totalidade dos recreos, cando menos 5 minutos entre clase e clase e de 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos durante a duración destas. As portas das aulas deberán permanecer sempre abertas, coas ventás abertas para favorecer a circulación de aire e, especialmente se as ventás se atopan pechadas. As ventás dos corredores deberán permanecer abertas para facilitar a ventilación.

5.7 Coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

5.8 En relación coa xestión dos residuos:

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

## 6. Xestión de casos

A xestión de casos e contactos en centros educativos realizarase acorde á Estratexia de vixilancia e control fronte á Covid-19 tras a fase aguda da pandemia e posteriores actualizacións, e conforme ás [pautas de vixilancia e control epidemiolóxico](#) da Consellería de Sanidade

Lémbrese de forma xeral, e como froito de aprendizaxe da pandemia, que non se recomenda a asistencia ao centro cando unha persoa presente síntomas agudos compatibles coa COVID-19 ou outra enfermidade infecciosa aguda e potencialmente transmisible. Esta medida tamén ten xustificación polo propio benestar da poboación infantil.

E necesario manter a capacidade de vixilancia e as estruturas de coordinación necesarias, en especial os Equipos Covid, no caso de que fora necesario intensificar a xestión de casos e contactos por un cambio na situación epidemiolóxica.

## 7. Comedor escolar

É necesario manter o reforzo das medidas de prevención, tanto na limitación de contactos no comedor escolar como na distancia interpersoal e a ventilación. Os comedores, e os espazos alternativos habilitados para as comidas, permitirán a distancia interpersoal de 1,5 m (flexible a 1,2m), salvo no caso de pertencer a un mesmo GCE, en cuxo caso esta distancia será aplicable entre GCE.

Maximizarase a ventilación, intensificándoa de maneira especial entre quendas (se as houber).

O cepillado de dentes ao remate do servizo de comedor é un hábito saudable que debe fomentarse nos comedores escolares.

## 8. Actividades extraescolares, complementarias e aulas matinais

As excursións, visitas e traballos de campo no exterior do centro educativo forman parte da dinámica do curso escolar e contribúen a cubrir obxectivos didácticos aula, a xerar cohesión grupal, benestar emocional e a establecer vínculos entre iguais e persoas alleas á comunidade educativa.

8.1 Cando sexa posible para os obxectivos da actividade primaranse os desprazamentos activos no contorno cercano, o que supón ademais, unha actividade saudable. Se se fai uso do transporte público seguiranse as normas específicas determinadas para este tipo de transporte.

8.2 No caso de visitas a museos, cines, teatros, etc, seguiranse as medidas preventivas establecidas polo lugar que se visite.

8.3 Nas actividades complementarias que se desenvolvan no centro educativo poderán acudir persoas externas ao mesmo, sempre que manteñan as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde establecidas.

8.4 Para a celebración de actos de graduación, de fin de curso ou outro tipo de eventos sociais ou culturais que poidan ter lugar no centro educativo e no contexto da súa actividade, atenderanse as medidas de prevención fronte a Covid-19 existentes para eventos culturais na comunidade autónoma.

8.5 No caso de saídas con pernocta esta poderá organizarse en GCE e, naqueles cursos non organizados por GCE estableceranse subgrupos fixos para a pernocta.

8.6 Permítese mesturar grupos ou aulas en actividades extraescolares tanto ao aire libre como en interiores, garantindo o resto de medidas de prevención e priorizando, cando sexa posible, as actividades ao aire libre.

8.7 Cando se organicen almozos ou merendas farase preferentemente ao aire libre. De realizarse en interior, seguiranse as pautas previstas para comedores escolares.

8.8 Nas clases prácticas de voz, canto, e instrumentos musicais de vento aumentarase a distancia interpersonal, valorando a realización ao aire libre ou maximizando a ventilación.

## **9. Subministración de material de protección**

9.1. A consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde ao equipo formado na Covid-19, en colaboración coa secretaría do centro, o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

9.2. Corresponde ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, mamparas para uso no comedor, papeleiras de pedal, impresión de cartalaría e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.

9.3 O centro educativo arbitrará as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados das medidas de prevención e hixiene ante o Covid-19 e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

Corresponde ao equipo Covid en colaboración coa secretaría do centro distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.

## MEDIDAS QUE AFECTAN ÁS CONDICIÓN LABORAIS

### 10. Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para Covid-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2

### 11. Organización e documentos do centro

11.1 No exercicio da súa condición de persoa coordinadora do equipo Covid, a persoa titular da dirección é a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade, do Sergas . Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado.

11.2 O equipo Covid-19 de cada centro educativo deberá estar en disposición de dispoñer no menor prazo de tempo dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro (a información deberá agruparse por aula e co profesor asignado á mesma ou en contacto co alumnado da mesma) no que figure a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladado ás autoridades sanitarias.

### 12. Medidas relativas ás familias e ANPAS

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, realizarase de acordo co previsto no apartado 8.

### **13. Medidas xerais en relación co alumnado transportado.**

13.1 O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara. No caso do uso de taxis ou VTC poderanse ocupar todas as prazas, ocupando en último lugar a que está a carón do condutor.

13.2 Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

13.3 Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo.

### **14. Utilización de cartalaría no centro**

14.1. O centro disporá de cartalaría informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do Covid-19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.

14.2. A cartalaría de uso preferente será a subministrada pola administración autonómica ou impresa polo propios centros en tamaño A3 ou superior.

## **MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO**

### **15. Educación en Saúde**

15.1. O equipo Covid debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas



nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa, establecendo canles de comunicación fluída.

15.1.1. Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

15.1.2. Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.

15.1.3. Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

15.2. Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte á Covid-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

15.3. A tal efecto, desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable nos centros educativos a través de dun gran abano de programas como son o Plan proxecta e Contratos-programa, entre outros. Igualmente, promoveranse accións como a oferta da materia de libre configuración autonómica "Promoción de estilos de vida saudables" na etapa secundaria obrigatoria. Estas e outras actuacións desenvolveranse desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:







a) Hábitos de alimentación saudable.

b) Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

15.4. A Consellería de Sanidade continuarán mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2021/2022 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.

ANEXO I ESCENARIOS COMEDOR ESCOLAR

# ESCENARIOS COMEDOR ESCOLAR



## ANEXO II Anexo sobre ventilación en centros educativos no contexto da Covid-19

- Fornecer tanto aire exterior como sexa razoablemente posible.
- A ventilación natural é a opción recomendada e só no caso de que non sexa posible optarase por implementar unha ventilación forzada e/ou purificación de aire.
- As portas da clase deberán permanecer abertas, así como as ventás e portas dos corredores para facilitar a renovación constante de aire nas aulas.
- Ventilar cando menos 15 minutos ao inicio e ao remate da xornada (de mañá ou de tarde), 5 minutos entre clase e clase, e durante a totalidade dos recreos.
- No caso de temperaturas extremas invernaís é mellor realizar maior número de ventilacións de menor tempo en lugar de ter as ventás parcialmente abertas. Abrir parcialmente as ventás non facilita significativamente a renovación de aire pero baixa a temperatura e diminúe o confort. É máis eficiente abrir todas as ventás durante 2 a 5 minutos cada 15/20 minutos.
- No caso de dispoñer de sistemas de ventilación forzada centralizada, manter a ventilación acesa as 24 horas, os 7 días da semana, con taxas de ventilación reducidas (pero non apagadas) cando as persoas están ausentes.
- Non usar a recirculación do aire interior.
- Non se recomenda o uso de ozono e lámpadas UV para a desinfección en aire acondicionado.
- Non se recomenda a compra de medidores de CO<sub>2</sub> por parte dos centros educativos que, en calquera caso, deben ser manexados por persoal competente. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade conta cunha rede sentinela que verifica que a implementación destas medidas de ventilación resulta nunha ventilación correcta e axeitada.

- Se fose necesario utilizar un purificador de aire portátil, como último recurso, este debe ter polo menos eficiencia de filtro HEPA e recoméndase situar o dispositivo preto da zona de respiración (onde estean os alumnos). Os filtros HEPA deberán ter unha filtración altamente eficiente do aire, con capacidade de reter aerosois en porcentaxes superiores ao 99,95%, segundo a norma UNE1822. Todo isto sometido a contar co informe técnico pertinente, solicitado polo centro educativo a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e autorizado en coordinación coas directrices da autoridade sanitaria.

### **Conclusións**

- O método de elección para a ventilación das aulas será a ventilación natural de acordo coas recomendacións do apartado anterior.
- No caso de non ser posible a ventilación natural, poderanse utilizar equipos extractores ou impulsores individuais cun caudal de aire adecuado de acordo coa valoración dun técnico competente.
- Naqueles casos nos que non sexa posible aplicar os métodos anteriores, e de xeito totalmente excepcional, poderán utilizarse os purificadores con filtros HEPA. A súa utilización require dun informe técnico especializado (especialmente para realizar o estudo oportuno sobre as características das aulas, o volume do aire, a ocupación, etc) solicitado polo centro educativo a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e autorizado en coordinación coas directrices da autoridade sanitaria.

### ANEXO III Medidas de protección individual

No ámbito da comunidade educativa as máscaras que se utilizarán serán as mesmas que no ámbito comunitario. Estas serán as máscaras hixiénicas que cumpran a normas UNE 0065 (reutilizables) ou UNE 0064 (desbotables), ou as máscaras cirúrxicas cando así se determine. As máscaras hixiénicas deberan cumprir a CSM/115/2021.

De acordo co establecido polo ministerio de sanidade na súa Guía de preguntas e respostas sobre a volta ao cole (02/10/2020) recoméndase a utilización de máscaras hixiénicas reutilizables, xa que posibilitan unha axeitada protección e unha mellor respirabilidade, ademais de ser unha opción máis sostible. Só en poboación con condicións de saúde de especial vulnerabilidade para a Covid-19 se pode propoñer a posibilidade de utilizar máscara hixiénica ou máscara cirúrxica. Este é o caso que afecta ao uso de máscaras no espazo de illamento COVID.

Por tanto e de acordo coas recomendacións do Ministerio de Consumo na súa Guía. Que debes ter en conta ao mercar unha máscara? As persoas sas utilizarán preferentemente máscaras hixiénicas. As persoas sintomáticas ou asintomáticas positivas deben elixir con prioridade máscaras cirúrxicas. O alumnado san a partir de 3 anos (a partir dos 6 anos con carácter obrigatorio) debe usar máscaras hixiénicas acordes a cada rango de idade.

Os nenos e as nenas positivos/as por Covid-19 deben usar preferentemente máscaras cirúrxicas ou hixiénicas con especificación UNE. No caso de poboación vulnerable recoméndase usar o tipo de máscara segundo indicación médica.

As máscaras son só un medio complementario de protección e actúan en conxunto co resto de medidas preventivas pautadas polas autoridades sanitarias.

De acordo con estas pautas calquera mención ou referencia a máscaras no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, ou nos diversos protocolos auxiliares e addendas, incluídas as referencias a máscaras transparentes,

entenderase referida a máscaras hixiénicas (preferentemente reutilizables), salvo que expresamente se indique que estas serán cirúrxicas ou EPI, facéndose constar neste último caso a tipoloxía concreta referida (FFP1, FFP2 ou FFP3).

No documento que segue, titulado INFORMACIÓN SOBRE CARACTERÍSTICAS E NORMATIVA DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL atópase recollida á información pormenorizada sobre as características e normativa de equipos de protección individual de aplicación segundo o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

## INFORMACIÓN SOBRE CARACTERÍSTICAS E NORMATIVA DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

### 1.- MÁSCARAS

Podemos distinguir os seguintes tipos de máscaras segundo a súa finalidade:

1. Equipos de protección individual (EPI)
2. Produto Sanitario (PS)
3. Máscaras hixiénicas

#### ➤ **As máscaras hixiénicas**

Considéranse produtos necesarios para a protección da saúde poboacional e son imprescindibles para minimizar o risco da propagación do COVID-19 entre as persoas. Non son produtos sanitarios nin EPI pero deben contemplar para a súa comercialización uns requisitos mínimos descritos no apartado cuarto e quinto da Orde SND/354/2020. Pódese obter máis información no apartado correspondente das Guías para a fabricación de máscaras e roupa de protección publicadas polo Ministerio de Industria Comercio e Turismo.

Trátase de produtos que non requiren autorización previa para a súa comercialización, pero iso non implica que todo valla. En función do uso previsto, deben cumprir unha normativa e segundo o tipo de máscara, deberá contar cunha certificación por un terceiro (Organismos Notificados). En todo caso, o fabricante e/ou importador, asumen a responsabilidade do seu produto e a conformidade deste coa normativa que lle resulte de aplicación.

Nestas máscaras hixiénicas recoméndase que cumbran coa normativa UNE 0065.

No resto de máscaras, e tal como se expón no documento elaborado pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, podemos establecer aas seguintes diferenzas:

#### ➤ **Máscara considerada equipo de protección individual (EPI)**



Trátase de produtos coa finalidade de protexer da inhalación de partículas tóxicas ou patóxenos á persoa que o utiliza. Regúlanse pola normativa dos equipos de protección individual (Regulamento UE 2016/425), que á súa vez nos remite á norma técnica harmonizada UNE-EN 149:2001+A1:2010, onde se detallan os seus tipos e os seus requisitos que hai que cumprir.

Contémplanse tres tipos: FFP1 (baixa eficacia), FFP2 (media eficacia) ou FFP3 (alta eficacia), que poden levar válvulas de inhalación e/ou exhalación. Hainas dun só uso ou reutilizables.

Esta clasificación baseada en graos de eficacia establécese a partir dos resultados dos ensaios de conformidade efectuados coa norma UNE-EN 149:2001+A1:2010. Para facerse unha idea, os ensaios que hai que valorar contemplan, entre outros, os seguintes parámetros:

**-Fuga de partículas cara ao interior:** os ensaios realízanse para comprobar o grao de protección que lles outorgan aos usuarios; miden as fugas polo axuste de cara, fuga pola válvula de exhalación se existe e penetración a través do filtro.

**-Compatibilidade coa pel:** compróbase a irritación ou calquera outro efecto adverso que poida provocar o material da máscara.


**-Inflamabilidade:** as máscaras non deben ser altamente inflamables e non deben continuar queimándose pasados 5 segundos tras apartarse da lapa. Contido de dióxido de carbono: o contido de CO<sub>2</sub> no espazo libre entre a cara e a máscara tras inhalación, non debe ser maior do 1% de medio en volume.

**-Ensaio de obstrución:** é obrigatorio para as máscaras reutilizables e opcional para o resto. Mídese a obstrución provocada na máscara tras a exposición a un aerosol de partículas estandarizado (con dolomita). Iso tamén implica facer un ensaio de resistencia á respiración, que non debe ser superior aos rangos establecidos para cada tipo de máscara.

**-Ensaio de axuste:** a peza facial é hermética e debe facerse un ensaio de verificación do axuste.

Cabe destacar que este tipo de máscaras, cando teñen válvula de exhalación non deberían ser utilizadas por persoas infectadas polo COVID-19, dado que o aire exhalado sería emitido sen ningún tipo de retención e favorécese a difusión do virus.

#### Sobre o etiquetado e a identificación

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADESERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDESubdirección Xeral de Xestión  
Asistencial e Innovación galicia

As máscaras EPI descritas deben estar identificadas individualmente da seguinte maneira:

10. Nome ou marca rexistrada ou outros medios de identificación do fabricante ou subministrador.
11. O tipo de máscara: FFP1, FFP2, FFP3
12. Ao lado do tipo, as letras seguintes segundo corresponda:
13. NR: cando é de tipo non reutilizable
14. R: cando é reutilizable
15. D: indica que foi sometida ao ensaio de obstrucción (con dolomita)
16. Referencia á norma harmonizada aplicada: UNE-EN 149:2001+A1:2010

Marcado CE seguido do nº do Organismo Notificado encargado da certificación do produto.

➤ **Máscara considerada produto sanitario (PS)**

Máis coñecidas como máscaras cirúrxicas, a súa principal utilidade é protexer a comunidade das infeccións que poidan ser transmitidas polo portador da máscara. Ocasionalmente pode protexer fronte a salpicaduras de líquidos contaminados. En situacións epidémicas son apropiadas para reducir o risco de propagación da infección por aquelas persoas con capacidade de contaxiar. A peza facial non é hermética.

A normativa que lles resulta de aplicación é a de produtos sanitarios:

17. Directiva 93/42/CE Relativa aos produtos sanitarios
18. A partir do 26 de maio de 2020, o Regulamento 2017/745 Relativo aos produtos sanitarios

Segundo esta normativa, as máscaras cirúrxicas son un produto sanitario da clase I, considerados de menor risco de acordo coa súa finalidade prevista. Iso quere dicir que o fabricante (ou o seu representante autorizado na UE), deberá levar a cabo unha Declaración UE de conformidade do seu produto e non é necesaria a intervención de ningún organismo notificado que certifique o produto. Non obstante, a normativa dirixe o fabricante a respectar os requisitos técnicos descritos na norma UNE-EN 14683:2019 AC nos seus produtos.

Segundo esta norma, as máscaras clasifícanse de acordo coa súa eficacia de filtración bacteriana en Tipo I e Tipo II. As de tipo II subdivídense en función da súa resistencia ou non ás salpicaduras: as de tipo IIR son resistentes ás salpicaduras.

A norma UNE-EN 14683:2019 AC indica os seguintes ensaios que hai que realizar para este tipo de máscaras:

19. Respirabilidade: o obxectivo é medir a diferenza de presión necesaria para facer pasar aire a través da máscara.

20. Resistencia ás salpicaduras: mide a resistencia á penetración de salpicaduras de líquido; sería aplicable para as de Tipo IIR.

21. Limpeza microbiana (carga biolóxica): para a súa determinación utilízase á súa vez a norma EN ISO 11737-1:2018, onde se dan recomendacións para medir os microorganismos viables no exterior ou interior dun produto sanitario.

22. Biocompatibilidade: remítenos para iso á norma EN ISO 10993-1:2009, co fin de determinar o ensaio toxicolóxico aplicable.

Aa norma **UNE-EN 14683:2019 AC** indica os requisitos que hai que cumprir por cada un dos tipos de máscara:

Ensaio	Tipo I	Tipo II	Tipo IIR
Eficacia de filtración bacteriana	≥95	≥98	≥98
Presión diferencial (pascal/cm <sup>2</sup> )	<40	<60	<60
Presión de resistencia ás salpicaduras Kpa	-	-	≥16
Limpeza microbiana (ufc/g)	≤30	≤30	≤30

Segundo nos indica a propia norma, as máscaras de tipo I non están previstas para a súa utilización por profesionais sanitarios nun ambiente de quirófano ou contorna médica con requisitos similares. Do mesmo xeito, é posible que en determinados ambientes cirúrxicos sexa máis apropiado o uso de máscaras EPI ou dispositivos duais, que cumpren as dúas normativas (proteeer e protexerse).

**Sobre el etiquetado y la identificación**

O etiquetado e información que deben subministrarse estas máscaras debe incluír unha referencia á norma internacional que tomaron como referencia (UNE-EN 14683:2019 AC) xunto coa indicación do tipo de máscara

➤ **Máscaras de uso dual: EPI e PS**

Trátase de máscaras que cumpren cos estándares e requisitos tanto dos EPI como de produtos sanitarios. Cumpren con ambas normativas que lles resultan de aplicación e coas normas harmonizadas correspondentes para ambos tipos de produto. Cumprirían co principio de protexer e protexerse.

Na súa etiquetaxe deberá incluírse a información descrita anteriormente para cada tipo de máscara, tendo en conta que parte da etiquetaxe e información é común. Deberase indicar o seguinte:

23. Normas harmonizadas que cumpren (UNE-EN 14683:2019 AC, UNE-EN 149:2001+A1:2010),
24. Indicarán o tipo de máscara: FFP1, FFP2, FFP3; Tipo I, II, IIR,
25. Levarán un marcado CE con indicación do organismo notificado que participou na certificación.

**Situación Excepcional**

Malia o anterior, unha das medidas normativas elaboradas tras o actual estado de alarma é a Resolución de 23 de abril de 2020, da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, referente aos equipos de protección individual no contexto da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, onde se permite adquirir material con certificacións alternativas ás derivadas do mercado CE, de maneira excepcional.

Na Resolución acéptanse como equivalente ás normas técnicas europeas diversas normas técnicas internacionais, tal como se indica a continuación:

**Táboa de equivalencias para máscaras FFP2:**

Norma	Clasificación
EN 149:2001 (Europa)	FFP2

NIOSH-42CFR84 (USA)	N95, R95, P95
GB2626-2006 (China)	KN95
AS/NZ 1716:2012 (Australia)	P2
KMOEL – 2017-64 (Korea)	Korea 1st Class
JMHLW – Notification 214, 2018 (Xapón)	DS

#### **Táboa de equivalencias para máscaras FFP3:**

<b>Norma</b>	<b>Clasificación</b>
EN 149:2001	FFP3
NIOSH-42CFR84 (USA)	N99, R99, P99, N100, R100, P100

A Resolución de 23 de abril de 2020 tamén indica os supostos para a aceptación doutros EPI sen o mercado CE regulamentario baseándose nas normas harmonizadas.

Unha máscara «Surgical N95» sería comparable a unha máscara de uso dual (EPI+PS).

A máscara KN95\_China: fabricase segundo a norma GB2626, que en principio a aplica o propio fabricante nun proceso de autocertificación baixo a súa propia responsabilidade e a vixilancia do mercado é a que actúa se é o caso. Debido á crise do coronavirus, o goberno chinés deu a orde de que todas as máscaras fosen verificadas en tres aspectos: eficacia de penetración, resistencia á respiración e marcado. En consecuencia, todas as máscaras que hai no mercado chinés deberían ter informes de ensaio con estes tres resultados.

## **2.- PANTALLAS FACIAIS**

No deseño e fabricación das pantallas faciais COVID-19 débese garantir, entre outros:

- Calidade óptica do ocular
- Protección fronte a salpicaduras (zona protexida e dimensión vertical) segundo o establecido nas normas:
  - UNE-EN 166:2002: Protección individual dos ollos. Especificacións.
  - UNE-EN 167:2002: Protección individual dos ollos. Métodos de ensaio ópticos.
  - UNE-EN 168:2002: Protección individual dos ollos. Métodos de ensaio non ópticos.

Consideramos que, con este obxecto, é importante ter en conta as seguintes cuestións:

- Utilizar un visor fabricado nun material que ofrezca adecuadas prestacións ópticas. Como indicación básica pódese verificar, mirando a contraluz o material, que non presenta defectos estruturais como ondulación, franxas horizontais, etc. En concreto, utilizar visores cun factor de difusión de luz que se atope dentro dos requisitos establecidos na norma UNE-EN 166. Os materiais tradicionalmente utilizados na fabricación dos visores das pantallas de protección facial (EPI) son policarbonato e acetato de celulosa, pero non son os únicos. Recoméndase consultar cun especialista para a selección dun material coa calidade óptica necesaria, xa que materiais básicos utilizados en papelería e alimentación non cumpren os requisitos de difusión da luz esixidos. Así por exemplo destes últimos ensaiamos con resultados insatisfactorios: Monopet 450  $\mu$ , PVC 200  $\mu$ , PVC 180  $\mu$ , Acetato (180-240) $\mu$  -O arnés ou diadema de suxeición debe permitir a colocación dunha forma única, e dispoñer de referencias para que o visor poida quedar montado nunha posición fixa e simétrica con respecto ao centro do arnés.- O sistema de suxeición do arnés, en caso de que sexa una banda de suxeición, debe dispoñer polo menos de 10 mm de anchura.

### 3.- BATAS DE PROTECCIÓN

No relativo á roupa, é necesaria a protección do uniforme do traballador da posible salpicadura de fluídos biolóxicos ou secrecións procedentes do paciente confirmado ou en investigación ao que examina ou trata. Este tipo de roupa, como EPI, debe cumprir coa norma UNE-EN 14126:2004 que contempla ensaios específicos de resistencia á penetración de microorganismos. Este tipo de roupa pode ofrecer distintos niveis de hermeticidade tanto no seu material como no seu deseño, cubrindo parcialmente o corpo como batas, delantais, manguitos, polainas, etc., ou o corpo completo. Na designación, inclúese o Tipo e a letra B (de Biolóxico).

Recoméndase que a roupa de protección biolóxica sexa desbotable xa que presenta a vantaxe de que ao eliminarse evítanse fontes de posible contaxio que puideran aparecer no caso de que a desinfección do equipo non se realizase correctamente.

### 4.- XEL HIDROALCOHÓLICO

As solucións hidroalcoolicas divídense segundo a súa regulamentación en produtos cosméticos e antisépticos (produto sanitario).

A comercialización de antisépticos precisa da autorización de AEMPS e deben ter un número de rexistro sanitario.

Achegamos enlace a listado dos antisepticos de pel sa autorizados (por se queren adquirir algún do listado).

<https://www.aemps.gob.es/cosmeticos-cuidado-personal/docs/listado-antisepticos-piel-sana-12-03-20.pdf?x96285>

Achegamos tamén, enlace a listado de produtos antisépticos autorizados como virucidas que se basea na norma UNE-EN 14476.

[https://www.aemps.gob.es/informa/notasInformativas/cosmeticos-cuidado-personal/biocidas/2020/listado\\_biocidas\\_eficacia\\_virucida.pdf?x57200](https://www.aemps.gob.es/informa/notasInformativas/cosmeticos-cuidado-personal/biocidas/2020/listado_biocidas_eficacia_virucida.pdf?x57200)

Normas que hai que ter en conta nas solucións hidroalcohólicas:

- UNE EN 1500 (antiseptia de mans),
- UNE EN 13727 (acción bactericida),
- UNE EN 1275 (acción fungicida),
- UNE-EN 14476 (acción virucida),**
- UNE EN 13624 (acción levaduricida),
- UNE EN 14348 (acción Micobactericida),
- UNE-EN 12791 (desinfección cirúrxica das mans)

**ANEXO IV: PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIOSANITARIOS**

Grupos vulnerables	Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada				Comorbilidade ≥ 2 aspectos			
	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Exposición laboral												
Enfermidade cardiovascular/HTA	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Diabetes	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade pulmonar crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade hepática crónica severa	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Insuficiencia renal crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Inmunodeficiencia	1	3	3	3	1	4	4	4	1	4	4	4
Cancro en tratamento activo	1	4	4	4	1	4	4	4	1	4	4	4
Obesidade mórbida (IMC>40)	Sen patoloxía engadida				Sen patoloxía engadida controlada				Patoloxía engadida descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4



Embarazo	Sen complicacións nin comorbilidades			Con complicacións o comorbilidades					
		3	3	3	1	4	4	4	
<p><b>NR1( Nivel de risco 1):</b> Semellante ao risco comunitario, traballo sen contacto con persoas sintomáticas.</p> <p><b>NR2( Nivel de risco 2):</b> Traballo en contacto con persoas sintomáticas, mantendo a distancia de seguridade e sen actuación directa sobre elas.</p> <p><b>NR3( Nivel de risco 3):</b> Asistencia ou intervención directa sobre persoas sintomáticas, con EPI axeitado e sen manter a distancia de seguridade.</p> <p><b>NR4 (Nivel de risco 4):</b> Profesionais non sanitarios que deben realizar manobras xeradoras de aerosois, como por exemplo RCP.</p>									
1	Non precisa nin adaptación nin cambio de posto, permanecendo na súa actividade profesional								
2	Continúa a actividade laboral. Pode realizar tarefas con exposición a persoas sintomáticas con EPI axeitados								
3	Pode continuar actividade laboral sen contacto con persoas sintomáticas. Se existe imposibilidade, iníciase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo - lactación (PREL)								
4	Precisa cambio de posto de traballo e, de non ser posible, iníciase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo-lactancia (PREL)								

SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico (obligatorio):	
Enderezo a efectos de notificacións :	
Código Postal:	Localidade:

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO	
Nome do Centro:	
Enderezo:	
Código Postal:	Localidade:
Posto de traballo:	

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na resolución pola que se aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid.19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Sinatura:

DIRECTOR/A DO CENTRO

## ANEXO V CARTELARÍA

No Portal da Dirección dispórase doutra cartelaría adicional

# Coronavirus

## Consellos para realizar unha hixiene de mans adecuada

Fonte: Departamento Municipal de Saúde



1. Móde as mans con auga



2. Deposita na palma da man unha cantidade de sabón suficiente para cubrir toda a superficie das mans



3. Fregue as palmas das mans entre si



4. Fregue a palma da man dereita contra o dorso da man esquerda entrelazando os dedos e viceversa



5. Fregue as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados



6. Fregue o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrando os dedos



7. Fregue coa movemento de rotación o pulgar esquerda, atrapándoa coa palma da man dereita e viceversa



8. Fregue o punteiro dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemento de rotación e viceversa



9. Ensaque as mans con auga



10. Séquese cun pano desbotable



11. Sívese dese pano para pechar a talle



12. As tuas mans son limpas




XUNTA  
DE GALICIA


Máis información en  
[coronavirus.sergas.gal](https://coronavirus.sergas.gal)

# SAIAMOS DISTO CON SENTIDIÑO

NON TIREMOS POLA BORDA O TRABALLO FEITO ATA AGORA



Antes de poñer unha máscara, debes lavar as mans adecuadamente.  
Cubre a boca e o nariz, e asegúrate de que non hai ocos entre a máscara e a cara.



Evita tocala mentres a uses, e non a poñas na fronte ou debaixo da barbilla.  
Para retirar a máscara, quítea pola parte traseira sen tocar o frontal e  
lava as mans novamente con auga e xabón.

**Non reutilices máscaras dun só uso. As máscaras só son efectivas  
cando se usan en combinación cunha hixiene de mans adecuada.**

**#SENTIDIÑO**  
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS  
E AOS QUE NOS RODEAN



 **Mantéña a distancia de seguridade** 